

Boas, nenos e nenas!

Atópome moi lonxe da escola porque decidín emprender unha viaxe por todo o mundo. Queredes atoparme? Pois para iso teredes que percorrer moitos países ata dar connigo!





Con cada unha das viaxes que realicedes apareceravos na vosa aula unha das miñas pegadas.

Deberedes ter un mapamundi na vosa aula no que sinalar os países que visitades. Algúns visitarédelos pouco tempo porque só queredes probar os seus manxares ou ver unha estatua, pero outros namoraranvos tanto que queredes aprender máis e máis sobre el.

Agora... mans á obra! Todo o que fagades expoñédeo polas aulas, nos corredoiros... Usade a vosa imaxinación para crear cousas increíbles!

Recordádelle á vosa mestra ou mestre que me mande un correo cando visitades algún país. A miña dirección é [leoteca@ceip.canosa.rus.net](mailto:leoteca@ceip.canosa.rus.net) Aquí tamén vos deixo algunha cousiña para saber en que país tedes que empezar.

PD: Non vos esquezades dos pasaportes! Tedes que cuñalos en cada un dos países polos que pasades.



leoteca